

# VIII Trofeo Solidario de Nadal

## Celta Atletismo · Digoin

### REGULAMENTO:

#### ·ARTIGO 1. Organizadores e obxectivos.

O **Grupo Celta Atletismo**, co patrocinio da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Pontevedra, Abanca, Patrocinadores e a participación da Federación Galega de Atletismo e o Comité Galego de Xuíces, organizará no mes de decembro o **“VIII TROFEO SOLIDARIO DE NADAL CELTA ATLETISMO - DIGOIN”**.

Un ano máis, dende o Grupo Celta Atletismo queremos axudar ás familias menos favorecidas da nosa cidade, facendo unha recollida de alimentos non perecedoiros. Todo o recollido entregárase integramente ó Banco de Alimentos (Av. do Alcalde de Lavadores, 102, Bajo, Lavadores, 36214 Vigo), quenes serán os responsables de facer chegar a nosa doazón a todas esas familias. Nestes tempos tan complicados que estamos a vivir, artigos de primeira necesidade como son o leite, o aceite e artigos de puericultura estanse a converter case que en artigos de luxo. Por este motivo, nesta edición a recollida de alimentos centrarase case que exclusivamente nestes produtos.

#### ·ARTIGO 2. Data e instalación.

O **“VIII TROFEO SOLIDARIO DE NADAL CELTA ATLETISMO-DIGOIN”** terá lugar o vindeiro domingo 22 de decembro a partires das 10:00 horas nas Pistas Municipais de Atletismo de Balaídos (Vigo).

#### ·ARTIGO 3. Control técnico da proba e cronometraxe.

A competición estará controlada polo Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo e formará parte do seu calendario oficial. Haberá cronometraxe eléctrica e todo o reflectido no presente regulamento rexerá polas normas vixentes da FGA.

#### ·ARTIGO 4. Inscripción, entrega do dorsal e acceso á pista.

Poderán participar todos aqueles nenos e nenas de clubs e centros escolares de categoría Sub-8 ata a categoría Sub-16 **con licenza federativa**. A inscrición farase a través do sistema online da web da RFEA <https://atletismorfea.es/user/login-registro>. **O prazo de inscrición rematará o luns 16 de decembro ás 20:00 horas**. Os dorsais serán facilitados pola organización na zona de secretaría, o mesmo día da competición ata con 40 minutos de antelación respecto da proba na que se participe. Entregarase un único dorsal que irá colocado na parte dianteira da camiseta totalmente visible. Os/as atletas deberán presentarse no **Punto de Control de acceso á pista con 10min de antelación nas carreiras e 20min nos concursos**.

# VIII Trofeo Solidario de Nadal Celta Atletismo · Digoin

1

## · ARTIGO 5. Categorias de competición e programa de probas.

CATEGORÍAS	ANO DE NACEMENTO	PROBAS	PARTICIPANTES (2)
Sub-8	2017 – 2018 – 2019	80m (1)	Sen limitación
Sub-10	2015 – 2016	50m, 500m, lonxitude e peso	Carreiras (sen limitación) – Concursos (20)
Sub-12	2013 – 2014	60m, 500m, lonxitude e peso	Carreiras (sen limitación) – Concursos (20)
Sub-14	2011 – 2012	60m, 500m, lonxitude e disco	Carreiras (sen limitación) – Concursos (20)
Sub-16	2009 – 2010	60m, 600m, altura e martelo	Carreiras (sen limitación) – Concursos (20)

(1) Proba non oficial. (2) Nos concursos terán preferencia os/as atletas da Escola Celta Atletismo e os Clubs Asociados do Grupo Celta Atletismo.

### • ARTIGO 6. Premios.

Entregaranse medallas os/as tres primeiros/as clasificados/as de cada proba. Os nenos e nenas de categoría Sub-8 recibirán unha medalla conmemorativa o finalizar a súa proba.

### · ARTIGO 7. Servizos médicos e outros servizos.

A proba disporá de servizo asistencial e ambulancia.

### · ARTIGO 8. Reclamacións.

Todas as reclamacións deberán facerse verbalmente ao xuíz árbitro da competición, non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos resultados oficiais que serán colocados no taboleiro oficial da organización.

### · ARTIGO 9. LOPD.

Todos/as os/as atletas, o realizar a inscrición, aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e internet.

ORGANIZA:



COLABORAN:



PATROCINAN:



# VIII Trofeo Solidario de Nadal

## Celta Atletismo · Digoin

2

### ARTIGO 11. Horario.

CARREIRAS (3)	HORARIO	CONCURSOS (4)	HORARIO
60m. Sub-16 Mulleres	10:00h	Lonxitude Sub-12 Mulleres (5) Lonxitude Sub-12 Homes Disco Sub-14 Mixto	10:00h
60m. Sub-16 Homes	10:10h		
60m. Sub-14 Mulleres	10:20h		
60m. Sub-14 Homes	10:40h	Altura Sub-16 Mixto (6)	10:40h
60m. Sub-12 Mulleres	11:00h	Lonxitude Sub-10 Mulleres Lonxitude Sub-10 Homes Martillo Sub-16 Mixto	11:15h
60m. Sub-12 Homes	11:20h		
50m. Sub-10 Mulleres	11:40h		
50m. Sub-10 Homes	11:50h		
80m. Sub-8 Mulleres	12:00h	Lonxitude Sub-14 Mulleres Lonxitude Sub-14 Homes Peso Sub-10 Mixto / Peso Sub-12 Mixto	12:30h
80m. Sub-8 Homes	12:10h	<b>ENTREGA DE PREMIOS</b>	
600m. Sub-16 Mulleres	12:25h		
600m. Sub-16 Homes	12:35h		
500m. Sub-10 Mulleres	12:45h		
500m. Sub-10 Homes	12:55h		
500m. Sub-12 Mulleres	13:05h		
500m. Sub-12 Homes	13:15h		
500m. Sub-14 Mulleres	13:25h		
500m. Sub-14 Homes	13:35h		

(3) **INSCRICIÓN.** Cada atleta só poderá inscribirse nunha carreira e nun concurso. Permitirase a participación dos/as atletas de segundo ano que en xaneiro troquen de categoría nas probas que soliciten a súa inscrición. (4) **CONCURSOS.** Haberá catro intentos.

(5) **LONXITUDE.** Táboa de 1 metro para as categorías Sub-10 e Sub-12. Táboa de 2 e 3 metros para a categoría Sub-14. (6)

**ALTURA.** Inicio en 1.20cm e cadencia de 5cm en 5cm.



R.C. C.R. Fermirino Celta



Celta Atletismo



Federación Galega de Atletismo

CONCELLO DE VIGO



Deputación de Pontevedra



XUNTA DE GALICIA



DEPORTE GALEGO



MANZANO



ABANCA



NEN



DIGOIN



MANZANO



MANZANO



MANZANO

# VIII Trofeo Solidario de Nadal

## Celta Atletismo · Digoin

Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o atleta consinte expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de Accidentes e Responsabilidade Civil, así coma a xestión da licenza de día e o Ranking Galego de Pista ao Aire Libre. En todo caso e tal como establece a Lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 - 15008. A Coruña.

3

ORGANIZA:



COLABORAN:



PATROCINAN:

